

## PLENO

**ACTA 2022/04 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO  
CONCELLO DE OROSO DO 31/03/2022.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 19:00 horas do día indicado comparecen:

- 1 Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 5 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 6 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE).
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 10 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 11 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario titular do Concello D. Federico Suárez Cancelo, asiste o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo. Preside a sesión o Alcalde D. Luís Rey Villaverde. Non asisten xustificando a súa ausencia as concelleiras D<sup>a</sup>. Silvia Suárez García (PP) e D<sup>a</sup>. María Teresa Cendal Iglesias (OR).

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

**I PARTE RESOLUTORIA**

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 27/01/2022. Acta 02/2022.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 10/02/2022. Acta 03/2022.

2.-Aprobar, se procede, a rectificación anual do inventario municipal correspondente ao exercicio 2021.(Exp. 2021/X999/000245).

3.-Aprobar inicialmente, se procede a modificación de créditos dentro do presuposto de gastos do ano 2021 prorrogado para o exercicio 2022, mediante crédito extraordinario, Núm. 2022/03. (Exp. 2022/T002/000003)

**II PARTE DE CONTROL**

4.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditas que van desde a nº 52/2022 do 21/01 ata o 346/2022 do 25/03.

## PLENO

5.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 21/01/2022 e o 25/03/2022.

6.-Dación de conta do informe emitido pola tesourería municipal do estado de tramitación das facturas correspondente ao cuarto trimestre do 2021.

7.-Dación de conta da liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2021.

8.- Mocións dos Grupos municipais.

9.- Rogos e preguntas.

Antes do inicio o Sr. Alcalde dalle a palabra á concelleira D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen da lectura aos seguintes manifestos:

### MANIFESTO 8-M. DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Concellaría de mulleres, ensino, benestar social e normalización lingüística

Hoxe 8 de marzo volvemos reunirnos como cada ano para reivindicar o papel da muller na nosa sociedade.

Hai xa tempo que iniciamos esta andaina e claramente imos polo bo camiño. Quero acordarme de todas as mulleres que nos representaron ná política, concelleiras, alcaldesas, deputadas... que conseguiron que foramos quen de exercer o dereito a voto. Concha Pérez no 1925, Bríxida de Bueu... Aquelas que despois de xullo do 36 foron, sepultadas e silenciadas.

Pero a semente estivo sempre aí. Tivemos que buscalas, lelas relelas e volvemos aparecer na vida política do país. Emma Rosa González Vermello primeira alcaldesa despois do 1975. Dolores Vilariño primeira muller en presidir o Parlamento 2005

Creáronse as primeiras Concellerías de Igualdade en Vigo. e a Secretaría Xeral de Igualdade de Xunta de Galicia en 2005 da man de Carme Adán.

Temos que traballar na visibilización das mulleres, cada vez que unha muller protagoniza o nome dunha rúa, cada vez que a súa historia se repite nun centro social, estamos a avanzar no feminismo e na recuperación da nosa propia historia”

Pero hai que apurar o paso, está indo demasiado lento e **ESTAMOS FARTAS** de ter que saír á rúa ano tras ano pedindo o que por dereito nos pertence, **QUEREMOS OS NÓS DEREITOS E QUERÉMOLOS XA.**

As mulleres, só demandamos a igualdade: Iguais dereitos e iguais deberes

Pero isto molesta a unha parte da sociedade rancia e machista

Pero aínda que se empeñen non nos pararán, o movemento feminista veu para quedarse e seguiremos loitando polos nosos dereitos, pola igualdade, por ocupar o noso lugar no mundo como persoas, porque os problemas das mulleres son os problemas da sociedade.

Unha sociedade que conta coas súas mulleres sempre será unha sociedade mellor.”

## PLENO

A continuación D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gallego (BNG) procede igualmente a dar lectura ao seguinte manifesto:

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONDENANDO A AGRESIÓN A UCRAÍNA, SOLICITANDO A RETIRADA DAS TROPAS RUSAS E O RESPECTO AO DEREITO INTERNACIONAL.

Onte tivo lugar unha grave agresión á República Popular de Ucraína por parte das tropas rusas invadindo parte do seu territorio. Unha agresión a un país soberano (lembremos que Ucraína ratificou a súa independencia da Unión soviética en 1991) que, se non se detén, pode desembocar nunha traxedia humanitaria na zona, e en Europa.

Por todo o exposto o Pleno do Concello de Oroso adopta a seguinte declaración:

1. Condena da agresión de Rusia a Ucraína e a total solidariedade co pobo ucraino.
2. Petición dun inmediato alto o fogo e a retirada das tropas rusas do seu territorio.
3. Respecto ao dereito internacional, aos dereitos humanos e aos acordos de Minsk, e traballar na resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE.
4. Retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferencias para acadar acordos de paz duradeiros.

Seguidamente continúaase cos asuntos da orde do día.

#### 1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

##### 1.1.-Acta da sesión ordinaria do 27/01/2022. Acta 02/2022.

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 2/2022 da ordinaria do 27/01/2022 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno o Sr. Alcalde pregunta aos membros da corporación si algún ten que facer algún tipo de observación.

Non se producen intervencións.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: once ( 6 do PSdeG-PSOE; 3 do PP; 1 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos )

Apróbase a acta nº 02/2022 da sesión ordinaria do Pleno do 27/01/2022 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no

## PLENO

Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### **1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 10/02/2022. Acta 03/2022.**

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 03/2022 da sesión ordinaria do 10/02/2022 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno o Sr. Alcalde pregunta aos membros da corporación si algún ten que facer algún tipo de observación.

O Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: once ( 6 do PSdeG-PSOE; 3 do PP; 1 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos )

Apróbase a acta nº 02/2022 da sesión ordinaria do Pleno do 10/02/2022 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### **2.-Aprobar, se procede, a rectificación anual do inventario municipal correspondente ao exercicio 2021.(Exp. 2021/X999/000245).**

Logo de ver a proposta de Alcaldía que di:

*“Logo de ver que o pleno do Concello aprobou inicialmente a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso do ano 2020. (Aprobación definitiva publicada no BOP núm 175 do 14.09.2021)*

*Logo de ver a providencia de Alcaldía do 10.03.2022 que ordena que se inicien os trámites previos á adopción do acordo de rectificación do inventario de bens municipais, reflectíndose no expediente as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante ao período de tempo que vai desde o 01.01.2021 ata o 31.12.2021.*

*Logo de ver a memoria de data 11.03.2022 cos listados detallados das altas e baixas producidas no ano 2021 e o listado dos bens do inventario.*

*Logo de ver o informe favorable de Secretaria do 14.03.2022.*

*Tendo en conta que o artigo 33.1 do Regulamento de bens das entidades locais (RD 1372/1986, de 13 de xuño) establece que a rectificación do Inventario Municipal se verificará anualmente, reflectíndose na mesma as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos de propiedade municipal durante esa etapa.*

PLENO

*Tendo en conta que a rectificación debe recoller as variacións ocorridas durante o ano e os erros que no foron detectados con anterioridade, sen prexuízo da revisión que poida proceder segundo os procedementos ordinarios, pois sería absurdo que unha omisión involuntaria no puidera salvarse ata o ano seguinte.*

*Tendo en conta que cabe en todo momento incorporar ao Inventario novas propiedades mediante acordos puntuais sen esperar á rectificación anual. Os sistemas informáticos e un adecuado programa permiten ter ao día e reflectir as altas e baixas ao momento de producirse.*

*Tendo en conta que a aprobación da rectificación anual do Inventario corresponde ao Pleno da Corporación Local, de conformidade co previsto no artigo 34 do Regulamento de bens das entidades locais.*

*Tendo en conta que o artigo 32.1 do regulamento de bens das entidades Locais establece que unha vez se aprobe a rectificación anual do inventario, se remitirá copia do mesmo á administración do estado e da comunidade autónoma.*

*Tendo en conta que consonte ao establecido no artigo 9.2 do Regulamento de bens de las entidades locais, estas teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos e segundo o establecido no artigo 68.2 da lei reguladora das bases de réxime local, calquera veciño pode requirir á corporación para o exercicio das accións, podendo incluso os veciños exercitar esa acción en nome e interese da entidade local. Con ese argumento e tomando como base o establecido no artigo 83 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se considera convinte expoñer ao público o expediente de rectificación do inventario, a fin de ter unha información dos bens que se relacionan e se poidan formular alegacións que axuden a depurar no seu caso os erros ou poñan de manifesto calquera omisión ou circunstancia que sexa oportuno ter en conta.*

**TENDO EN CONTA** as atribucións que me outorga a lexislación de réxime local proponse a adopción do seguinte acordo:

**PRIMERO. APROBAR INICIALMENTE** a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso e co seguinte resumo por baixas e altas:

**ALTAS:**

<i>Epígrafe inventario</i>	<i>Importe</i>
<i>Epígrafe 1 – Inmables</i>	<i>1.230.206,45 €</i>
<i>Epígrafe 7</i>	<i>56.681,28 €</i>
<b>TOTAL</b>	<b>1.286.887,73 €</b>

## PLENO

### BAIXAS:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 1 – Inmóbles	47.352,51 €
<b>TOTAL</b>	<b>47.352,51 €</b>

### TOTAL INVENTARIO a 31/12/2021:

Bruto contable	Fondo Amort	Neto Contable
54.135.245,09 €	33.492.041,68 €	20.643.203,41 €

*SEGUNDO. EXPOÑER o expediente ao público durante un prazo de 20 días hábiles aos efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que se poidan presentar alegacións. No caso de non presentarse aquelas, o acordo inicialmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo.*

*TERCEIRO. REMITIRLLE unha copia íntegra da presente rectificación á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao artigo 32.1 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.”*

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o seu grupo vai a manter o voto favorable da Comisión Informativa pero quere facer algunha consideración á política patrimonial do Concello. Critica o alugueiro de larga duración que ten o Concello en determinados locais que lastran as posibilidades do Concello. Así sinala que non entende como se pode ter a urbanismo nun local alugado ou unha nave industrial e agora se pretende alugar un local de ensaios para un grupo folclórico que leva 40 anos no Concello. Adif cedeunos o almacén e nese sentido quere aproveitar para preguntar como está o expediente de legalización da porta que foi posta nun ben protexido.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que existe un leve incremento en 100.000 euros e o Sr. Alcalde na comisión informativa comprometeuse a explicar a que se debían estas variacións. En todo caso imos a votar a favor. E en relación ao sinalado por D. José Manuel Mirás Pulleiro, xa foi falado noutras ocasións o Concello quedou pequeno e o mais axeitado sería facer un novo aínda que é certo que é unha carga orzamentaria importante.

O Sr. Alcalde pola súa parte sinala que as altas que figuran no inventario se trata de axustes, había algunha propiedade que non estaba metida no inventario e por contra había algunha outra que estaba duplicada e foi

PLENO

depurada. Afirma que está de acordo que a mellor solución non é comprar un local para urbanismo se non que o correcto sería facer un concello novo mais grande e que poida dar servizo axeitado aos cidadáns xa que agora teñen que desprazarse para facer diferentes xestións co Concello. Niso se está a traballar e xa temos un borrador de proxecto que se ía a 2.000.000 de euros que agora sería mais aínda, o que pasa que se ten que buscar financiamento porque non o pode soportar todo o Concello, por outro lado a realización de alugueres tamén promove a economía local.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que a creación dun concello novo xa estaba prevista no PXOM do 2006 pero iso non serve para unha nave industrial ou para un local de ensaio.

O Sr. Alcalde sinala que efectivamente temos que ter un local de ensaio pero en aluguer porque se o tiveramos que mercar tamén teríamos que mercar para todas as asociacións, para os clubs de fútbol, etc...e logo tamén se di que non se investe en saneamento ou en auga e para todo non da. Se invertemos 250.000 euros en construír unha nave ou en mercala non podemos levar auga a Vilalbarro por exemplo.

D. Alexander Doval Expósito (PP) insiste en que eles están de acordo que a mellor solución sería a creación dun concello novo e que no seu día xa pensarán na parcela que está ao lado do centro médico. A nave industrial si sería necesaria. Considera que efectivamente, se lle debería dar un mellor servizo á cidadanía e que non teña que ir a tres sitios diferentes para presentar unha instancia ao Concello.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

Votos a favor: once ( 6 do PSdeG-PSOE; 3 do PP; 1 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte ACORDO:

**PRIMERO.** APROBAR INICIALMENTE a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso e co seguinte resumo por baixas e altas:

ALTAS:

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 1 – Inmobles	1.230.206,45 €
Epígrafe 7	56.681,28 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.286.887,73 €</b>

BAIXAS:

PLENO

Epígrafe inventario	Importe
Epígrafe 1 – Inmóbles	47.352,51 €
<b>TOTAL</b>	<b>47.352,51 €</b>

TOTAL INVENTARIO a 31/12/2021:

Bruto contable	Fondo Amort	Neto Contable
54.135.245,09 €	33.492.041,68 €	20.643.203,41 €

**SEGUNDO.** EXPOÑER o expediente ao público durante un prazo de 20 días hábiles aos efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que se poidan presentar alegacións. No caso de non presentarse aquelas, o acordo inicialmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo.

**TERCEIRO.** REMITIRLLE unha copia íntegra da presente rectificación á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao artigo 32.1 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais

**3.-Aprobar inicialmente, se procede a modificación de créditos dentro do presuposto de gastos do ano 2021 prorrogado para o exercicio 2022, mediante crédito extraordinario, Núm. 2022/03. (Exp. 2022/T002/000003)**

Dada conta da proposta asinada pola Alcaldía en funcións que di:

Posto de manifesto na liquidación do orzamento do exercicio 2021 a existencia dun remanente líquido de tesourería positivo por importe de 1.735.052,23 euros.

Considerando a providencia de alcaldía de data 22 de marzo sobre inicio de expediente de modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario polas contías que figuran no correspondente anexo.

Visto o informe favorable da intervención municipal de data 22 de marzo sobre o expediente.

De conformidade co previsto no artigo 177.2 TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais en concordancia co artigo 169 da mesma lei,

Propoño ao Pleno do Concello, previo ditame favorable da Comisión especial de Contas, a adopción do seguinte acordo:



PLENO

1º) **A aprobación inicial** da modificación de créditos dentro do presuposto de gastos do ano 2021 prorrogado para o exercicio 2022, mediante crédito extraordinario, Núm. 2022/03, ca seguinte desagregación:

**ESTADO DE GASTOS**

PARTIDA	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
161.609.00	2018/2/POS/2	ABASTECIMIENTO DE AUGA E SANEAMENTO EN PIÑEIRON (GÁNDARA)	13.134,73 €
161.609.00	2018/2/POS/4	ADECENTAMENTO DE PAVIMENTO DE VIAIS EN RIAL E AMPLIACIÓN DE REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA EN RIAL(TRASMONTE) E MIXOI	5.403,92 €
453.619.00	2018/2/POS/5	MELLORA REDE VIARIA EN VILACIDE DA ARRIBA-VILACIDE DE ABAIXO (OROSO), CABANAS(CALVENTE), O SEIXO(PASARELOS) E A TOXEIRA	2.831,13 €
1533.609.00	2018/2/POS/6	REURBANIZACIÓN DA RUA OURENSE	1.640,06 €
453.609.00	2019/2/OBRAS/6	ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUEÑO AO PARQUE FLUVIAL DO RIO CARBOEIRO	12.851,94 €
161.609.00	2019/2/PP/1	AMPLIACIÓN REDE ABASTECIMIENTO DE AUGA DESDE SAR ATA CABANAS	2.372,70 €
453.619.00	2020/2/POS/3	MELLORA DE REDE VIARIA NOS LUGARES DE OROSO DE ABAIXO (A GÁNDARA) E A IGREXA (DEIXEBRE)	915,10 €
1532.619.00	2020/4/RLT/1	AGLOMERADO EN PORTO AVIEIRA	2.693,16 €
453.619.00	2020/4/RLT/2	ASFALTADO ENTORNO PONTE CAROLLO	58.632,22 €
161.609.00	2020/4/RLT/3	ABASTECIMIENTO E BOMBEO EN SAN ROMAN	88.123,42 €
165.609.00	2020/4/RLT/4	CAMBIO LUMINARIAS ALEXANDRE BOVEDA	82.074,30 €
933.632.00	2020/4/RLT/5	ARRANXO CUBERTA CASA DO CONCELLO	52.796,64 €
933.622.00	2021/4/RLT/1	FINALIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES CASAS NOVOA	459.006,81 €
342.622.00	2022/4/RLT/1	ABASTECIMIENTO DE AUGA E SANEAMENTO NO LUGAR DA	34.177,21 €

PLENO

		ESTACIÓN	
134.609.00	2022/4/RLT/2	CONSTRUCCIÓN CARRIL BICI DE SIGÜEIRO A ESTACIÓN DE OROSO	327.817,40 €
1532.619.00	2022/4/RLT/3	EXECUCIÓN SENTENCIA ASFALTADO DA RÚA ULLOA	28.310,54 €
161.609.00	2022/4/RLT/4	ABASTECIMENTO DE AUGA EN VILLALBARRO -MARIÑEOS (OROSO)	41.117,13 €
342.622.00	2022/4/RLT/5	CONSTRUCCIÓN DE GRADERÍO E ACONDICIONAMENTO CAMPO FÚTBOL OROSO	132.158,35 €
165.609.00	2022/4/RLT/6	ALUMBRADO SENDA PEONIL ESTACIÓN DE OROSO	47.844,40 €
			<b>1.393.901,16 €</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

CONCEPTO	CONCEPTO	IMPORTE
870.00	REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS	1.393.901,16 €
	<b>Total modificación estado de GASTOS</b>	<b>1.393.901,16 €</b>

2º) **Dispoñe-la súa exposición ó público** durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) que sinala que dentro do orzamento prorrogado se pretende tramitar esta modificación por 1.393.901,16 euros, dos cales unha parte duns 95.000 euros se utilizará para pagar certificacións de obras xa executadas. Estamos de acordo nalgunhas das obras que se contemplan porque melloran o Concello pero non así nos grandes proxectos como destinar 460.000 euros ao centro cultural moi superior ao importe que figura no perfil do contratante do Concello. Non se está a levar diligentemente esta obra e xa o dixo o Consello Consultivo de Galicia. O carril bici xa o dixeran na Comisión Informativa é unha infraestrutura non demandada en Concellos como Orosa. Unha cousa é facer unha vía verde e outra diferente facer un carril bici que non se demanda. A nosa proposta é acondicionar a marxe do río Tambre, nos falamos de sendas

## PLENO

para que poidan circular as bicicletas e non de carrís bicis urbanos. Nos falamos de que as familias vaian pola natureza e non por unha estrada, os carrís bicis están pensados para as cidades. Dixo na comisión informativa o Sr. Alcalde que non había seguridade ao carón do río e iso pode suceder tanto ao carón do río como no carril bici. En canto ao graderío do campo de fútbol tampouco estamos de acordo xa que o que se debería facer é retomar as medidas orixinais do campo de fútbol de Oroso e consideramos que se está a solapar a inversión no campo de fútbol. En Oroso temos 6 campos de fútbol e ao final practicamente non se pode utilizar ningún. En definitiva estamos de acordo nas pequenas obras pero non nas de gran caldado e ademais consideramos que quedan fora varias parroquias.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que en primeiro lugar a existencia de remanente de tesourería non é precisamente para presumir diso xa que se debe a que non se executou gran parte do orzamento pasado. É difícil valorar as obras xa que faltan os proxectos das mesmas. Respecto aos axustes do 10% das obras que permite a Lei non temos nada que dicir. En relación ao centro cultural son 460.000 euros que se suman ao xa invertido. Foi unha obra moi mal xestionada, e vaia a saír moito mais cara e leva dous anos de retraso. Hai outras obras nas que non temos nada que dicir, tal vez non serían as obras que faríamos nos pero sempre estamos de acordo en que se invista en Oroso. En canto ao carril bici posicionarnos a favor ou en contra sen ter o proxecto nos parece arriscado, pero en todo caso son casi 300.000 euros polo que ao mellor existen outras prioridades pero non podemos dicir que esteamos a favor ou en contra. En canto aos Mariños cremos que se debería incluír o abastecemento de agua e non so o saneamento. Gustaríalles saber canto en conxunto se ten invertido no campo de fútbol, xa que na Xunta de Goberno Local tamén vemos facturas destinado a isto. En canto ao alumado na estación estamos de acordo. Igualmente falou o grupo de goberno nas redes sociais de 300.000 euros de gasto corrente que non o vemos aquí pero que non é un gasto menor. Con esta modificación non sei se vai a aprobar o orzamento municipal ou este ano xa se vai a continuar co orzamento prorrogado.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen quere dar a noraboa por levar obras a todas as parroquias. Sinala D. José Manuel Mirás Pulleiro que faltan parroquias pero isto se debe a que ou ben xa aprobaron obras antes ou irán nun futuro, pero este goberno está a atender as necesidades de todas as parroquias. Considera que algún xa é un visionario que xa sabe que o carril bici non vai a funcionar, unha senda non é un carril bici, parécelle increíble que D. José Manuel Mirás Pulleiro diga que as familias para que vaian en bici vaian por estradas secundarias.

En canto ao dito por D. Alexander Doval Expósito en canto a que non debemos presumir do remanente de tesourería poderíamos dicir que ao mellor non se executou porque existen retrasos nos permisos das obras que ten que conceder a Xunta de Galicia e porque a taxa de reposición de efectivos non nos deixa ampliar a plantilla en materia de contratación. En canto ao centro cultural o tema xa cansa, o interventor no derradeiro informe xa dixo o que

## PLENO

había, se pregunta que faría a oposición, levar a empresa aos tribunais e tardar aínda mais en rematar a obra. Os prezos das obras está claro que cambian e mais agora que temos unha suba importante dos materiais. Reitera que quere felicitar ao Sr. Alcalde por atender a todas as parroquias.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) reitera de novo que non está de acordo co carril bici e que no de Bertamiráns apenas se ve a xente, que se trata dun tipo de infraestrutura pensada para as cidades. Afirmo que non está en contra da vía verde, pero que facer este tipo de inversións complementarias non teñen sentido. O do centro cultural xa o dixo o Consello Consultivo que non tiña razón o Concello e o campo de fútbol podemos facer un graderío pero seguirá sen ter o ancho, e non da para facer partidos de preferente.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que a taxa de reposición é unha realidade pero Sánchez leva no goberno moito tempo e non a quitou e era unha medida que era necesaria no seu momento. Sinala que é certo que o remanente sempre quedou pero nunca nesta cantidades, nunca quedou 1.700.000 de euros e considera que estas cantidades non son para presumir. Respecto do centro cultural é un tema moi manido xa e o que non se pode dicir é que todo é culpa dos demais menos do concello, e xa o dixo o consello consultivo que non foi unha boa xestión do Concello. Nos imos a abster tiñamos unhas prioridades diferentes pero non nos imos a opoñernos ás inversións no Concello.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE), sinala que el non presumiu do remanente simplemente dixo que é o habitual ter remanente, en canto ao campo de fútbol estamos a falar de dotalo de graderías e de mellor acceso con independencia de cales son as dimensións.

O Sr. Alcalde sinala que o remanente nunca foi tan alto porque antes non se permitía utilizalo e o ano pasado si polo que entrou unha cantidade importante de diñeiro e claro non fomos quen de usalo nun ano. Parte, 600.000 euros veñen da xestión, non todo vai a ser malo. Se incorporan estas inversións porque as demanda a cidadanía. En canto ao tema do carril bici, xa se está a tramitar a posibilidade de limpar a senda do río pero por alí non pasa un neno pequeno en bicicleta. Troitamundos fíxonos a petición de limpar a senda e niso estamos a ver se nos deixan, pero moitos veciños nos pediron un carril bici para poder chegar á vía verde, isto non está pensado para os ciclistas profesionais.

Tamén se imos ás 10.00 da mañá ao campo de fútbol está baleiro, pero se imos ás 18:00 estará cheo, pois igual co carril bici. Considera que D. José Manuel Mirás Pulleiro critica as cousas antes de que estean feitas e xa sabe que non é partidario do asfalto pero é necesario nalgúns casos. É necesario darlle contido á vía verde, un proxecto no que moitos non crían e non so o carril bicil vai a servir para ir de Sigüeiro á vía verde se non tamén ao revés polo que pode servir para que se aumente o consumo en Oroso.

En canto ao campo de fútbol hai un polígono que é o que marca a edificabilidade e vostede veu o proxecto. En canto a que se faga unha

PLENO

primeira inversión e logo outra e outra non debe ser motivo de sorpresa cando o diñeiro inicial non chegaba para facer toda a obra e era necesario facer o complemento como as gradas e os accesos. Agora di que o graderío non está aliñado, pero vostede foi presidente do equipo de fútbol e non o cambiou.

En canto ao centro cultural o consello consultivo non di que o contratista nos pedía 90.000 euros mais para rematar a obra e o concello non accedeu á chantaxe. Por exemplo o Alcalde de Brion lle dixo que unha empresa lle deixaba tirada a obra se non lle pagaba 200.000 euros mais porque os materiais subiron. Ao final se lle pagaron 9.000 euros á empresa de cousas que efectivamente se lle debían. Logo se volveu a sacar a licitación e se lle adxudicou a unha empresa que non cumpría coa solvencia e se lle sancionou pero non é culpa do Concello. E agora estamos para adxudicala por terceira vez a unha empresa que parece que cumpre a solvencia. Tamén en canto a que non están todas as parroquias, en ningún plan se meten todas as parroquias pero noutras inversións se cobren todas as parroquias e vostede o sabe.

En canto a D. Alexander Doval Expósito, considera que é moi fácil non posicionarse e non dicir nada do carril bici, se funciona dirá que non votou en contra e se non funciona dirá que non o apoiou, pero non fai falta moito para saber o que é un carril bici. Non fai falta ver o proxecto. O orzamento virá para ser aprobado, retrasouse un pouco porque o interventor estivo de baixa e porque queremos saber cos ingresos que contamos realmente, POS, Aprol etc...

Finalmente quere rematar a súa intervención agradecendo ao interventor o seu labor reincorporándose antes de tempo da súa baixa.

Non existindo mais intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

Votos a favor: sete ( 6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos )

Abstencións: catro ( 3 do PP e 1 de OR) adopta o seguinte ACORDO:

1º) **A aprobación inicial** da modificación de créditos dentro do presuposto de gastos do ano 2021 prorrogado para o exercicio 2022, mediante crédito extraordinario, Núm. 2022/03, ca seguinte desagregación:

**ESTADO DE GASTOS**

PARTIDA	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
161.609.00	2018/2/POS/2	ABASTECIMIENTO DE AUGA E SANEAMENTO EN PIÑEIRON (GÁNDARA)	13.134,73 €
161.609.00	2018/2/POS/4	ADECENTAMENTO DE PAVIMENTO DE VIAIS EN RIAL E AMPLIACIÓN DE REDE DE ABASTECIMIENTO DE	5.403,92 €

PLENO

		AUGA EN RIAL(TRASMONTE) E MIXOI	
453.619.00	2018/2/POS/5	MELLORA REDE VIARIA EN VILACIDE DA ARRIBA-VILACIDE DE ABAIXO (OROSO), CABANAS(CALVENTE), O SEIXO(PASARELOS) E A TOXEIRA	2.831,13 €
1533.609.00	2018/2/POS/6	REURBANIZACIÓN DA RUA OURENSE	1.640,06 €
453.609.00	2019/2/OBRAS/6	ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL DE OROSO PEQUEÑO AO PARQUE FLUVIAL DO RIO CARBOEIRO	12.851,94 €
161.609.00	2019/2/PP/1	AMPLIACIÓN REDE ABASTECIMENTO DE AUGA DESDE SAR ATA CABANAS	2.372,70 €
453.619.00	2020/2/POS/3	MELLORA DE REDE VIARIA NOS LUGARES DE OROSO DE ABAIXO (A GÁNDARA) E A IGREXA (DEIXEBRE)	915,10 €
1532.619.00	2020/4/RLT/1	AGLOMERADO EN PORTO AVIEIRA	2.693,16 €
453.619.00	2020/4/RLT/2	ASFALTADO ENTORNO PONTE CAROLLO	58.632,22 €
161.609.00	2020/4/RLT/3	ABASTECIMENTO E BOMBEO EN SAN ROMAN	88.123,42 €
165.609.00	2020/4/RLT/4	CAMBIO LUMINARIAS ALEXANDRE BOVEDA	82.074,30 €
933.632.00	2020/4/RLT/5	ARRANXO CUBERTA CASA DO CONCELLO	52.796,64 €
933.622.00	2021/4/RLT/1	FINALIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES CASAS NOVOA	459.006,81 €
342.622.00	2022/4/RLT/1	ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO NO LUGAR DA ESTACIÓN	34.177,21 €
134.609.00	2022/4/RLT/2	CONSTRUCCIÓN CARRIL BICI DE SIGÜEIRO A ESTACIÓN DE OROSO	327.817,40 €
1532.619.00	2022/4/RLT/3	EXECUCIÓN SENTENCIA ASFALTADO DA RÚA ULLOA	28.310,54 €
161.609.00	2022/4/RLT/4	ABASTECIMENTO DE AUGA EN VILLALBARRO -MARIÑOS (OROSO)	41.117,13 €
342.622.00	2022/4/RLT/5	CONSTRUCCIÓN DE GRADERÍO E ACONDICIONAMENTO CAMPO FÚTBOL OROSO	132.158,35 €
165.609.00	2022/4/RLT/6	ALUMBRADO SENDA PEONIL ESTACIÓN DE OROSO	47.844,40 €
			<b>1.393.901,16 €</b>

## PLENO

### ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	CONCEPTO	IMPORTE
870.00	REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS	1.393.901,16 €
	<b>Total modificación estado de GASTOS</b>	<b>1.393.901,16 €</b>

2º) **Dispoñe-la súa exposición ó público** durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.”

## II PARTE DE CONTROL

### **4.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 52/2022 do 21/01 ata o 346/2022 do 25/03.**

Dáse conta dos decretos ditados pola Alcaldía desde o 52/2022 do 21/01 ata o nº 346/2022 do 25/03 dos que se lles deu relación aos concelleiros e estiveron a disposición dos mesmos desde a convocatoria da sesión do Pleno.

### **5.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 21/01/2022 e o 25/03/2022.**

Dáse conta dos reparos formulados pola intervención municipal entre o 21/01/2022 e o 25/03/2022 dos que se lles deu relación aos concelleiros e estiveron a disposición dos mesmos desde a convocatoria da sesión do Pleno:

Non se formularon reparos durante este período.

### **6.-Dación de conta do informe emitido pola tesourería municipal do estado de tramitación das facturas correspondente ao cuarto trimestre do 2021.**

Dase conta ao Pleno do informe emitido pola tesourería municipal do estado de tramitación das facturas correspondentes ao cuarto trimestre do 2021 e que estivo a disposición dos concelleiros desde a convocatoria do presente pleno.

## PLENO

**7.-Dación de conta da liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2021.**

Dase conta ao Pleno da liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2021 e que estivo a disposición dos concelleiros desde a convocatoria do presente pleno.

**8.- Mocións dos Grupos municipais.**

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que á vista do manifesto que foi lido ao principio do Pleno e consensado por todos os grupos, procede a retirar a moción presentada en relación á solidariedade con Ucraña.

**8.1.-Moción presentada polo Partido Popular de Orosa relativa ao impacto económico da invasión de Ucraña.**

Primeiramente o Sr. Alcalde somete a debate e votación a urxencia da moción.

Non se producen intervencións.

O pleno por:

Votos a favor: once ( 6 do PSdeG-PSOE; 3 do PP; 1 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) aproba a urxencia da moción.

Seguidamente, logo de ver o contido da moción:

*“Galicia está ao carón dos esforzos que está a desenvolver a Unión Europea e os gobernos dos distintos Estados membros, incluído o Goberno de España, reivindicando o restablecemento da legalidade internacional e da paz tras a invasión de Ucraña por parte de Rusia, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e na Constitución Europea.*

*De feito, desde a Comunidade galega se condena esta agresión inxustificada e se amosa unha total disposición a colaborar nunha resposta humanitaria coordinada co Goberno central en apoio ao pobo ucraíno. Neste sentido, Galicia ten comunicado a disposición de máis de 1.400 prazas de acollida para refuxiados entre as habilitadas pola Xunta, concellos e entidades sociais; ao tempo que ten ofrecido preto de 500 camas nas sete áreas sanitarias con espazo específico para pacientes pediátricos e pacientes con tratamento oncolóxico, e traballar de forma activa na axuda humanitaria.*

*Pero, as incertezas que se derivan desta situación, unha das máis graves vividas en Europa desde a segunda guerra mundial, están a provocar un*



## PLENO

*excepcional impacto económico no tecido produtivo e nas familias, que están a facer fronte a unha escalada sen precedentes no relativo aos prezos enerxéticos, así como á escaseza dalgunhas materias primas esenciais na cadea agro-mar-industria e outras industrias. Ademais, empresas presentes nestes dous países ou que lles viñan exportando os seus produtos e servizos vense afectados por unha contracción dos seus mercados, ao igual que as localidades turísticas que acollían a súa cidadanía.*

*Como consecuencia, faise necesario adoptar medidas urxentes para que os sectores como a industria, o agro e o mar poidan continuar coa súa actividade, mantendo o emprego, e para que as familias poidan facer fronte e a súas facturas.*

*Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos que se adopte o seguinte **ACORDO**:*

*1. O concello de Oroso insta ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:*

*a) Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo.*

*b) Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo.*

*c) Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.*

*d) Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.*

*2. Así mesmo, o concello de Oroso insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores". "*

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que o PSdeG-PSOE presentou unha enmenda a esta moción que imos rexeitar, centrase en medidas da Xunta de Galicia. En todo caso é unha situación complicada e cree que calquera axuda é boa e que incluso están dispostos a votar a favor da moción do PSdeG-PSOE sobre este tema aínda que hai puntos nos que non están de acordo.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) considera que ambas mocións se centran en reclamar medidas económicas, unha ao Estado outra á Xunta de Galicia, é

## PLENO

certo que esta é unha situación que ven dada pola guerra pero cremos que están xustificadas as protestas da semana pasada.

D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) sinala que estamos ante unha situación complicada, en todo caso a moción céntrase na redución de impostos. O BNG non é que se apoie moito na Constitución Española pero o artigo 128 di que toda a economía ten que subordinarse ao interese xeral. O apartado 2 incluso fala da posibilidade de intervir empresas. Reducir impostos é empobrecer ao Estado, e precarizar os servizos sociais, a educación, a cultura etc...e estamos a ver como está a situación. O pasado venres moitas destas cousas que se piden, por exemplo o BNG levou ao parlamento unha proposta non de lei para mitigar os gastos do leite e o PP dixo que o BNG seguía a súa liña catastrofista de sempre, cando os gandeiros teñen problemas para darlle de comer aos animais. Ou sexa votan en contra destas axudas no Parlamento galego e logo as presentan nos concellos isto non é moi congruente. Non se ten que mercar todo fora, a industria ten que mirar de producir aquí. A solución non é so baixar impostos.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que está sorprendido de que non se vaia a aceptar a enmenda xa que é o resultado da reunión da Palma entre o goberno e as Comunidades Autónomas e onde acordaron realizar unha declaración conxunta, a conferencia de presidentes manifestan a súa unidade e o seu apoio ao Goberno e respaldar a posición do goberno ante o Consello europeo de reducir o prezo da enerxía. É necesario impulsar os fondos europeos e deixar a un lado enfrontamentos políticos e poñer en marcha un plan aberto e dinámico. Tivera sido moi sinxelo aceptar a enmenda e basearnos na declaración de Palma. Desde esa declaración o goberno do Estado xa ten tomado medidas, non suficientes pero algunha xa foi adoptada. Nos pensamos retirar a nosa moción se aceptan a enmenda, o voceiro do PP aceptou a enmenda na Deputación.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que raro sería que estivera de acordo coa intervención de Isabel Fernández Gallego, e que el considera que os cartos mellor no peto do administrado e non na Administración. Dixemos que non a enmenda porque nos parece aséptica e a moción presentada polo PSdeG – PSOE case non fala do Estado. É certo que algo se fixo desde ambos lados pero se ten que facer mais. Finalmente imos a aceptar a enmenda se o PSdeG-PSOE retira a súa moción.

D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) indica que claro que os cartos están ben no peto do administrado pero o problema existe cando esa persoa acude a servizos sociais e non se lle pode atender xa que a Administración necesita ingresos para financiar os servizos.

Finalmente D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) agradece que finalmente se acepte a enmenda e que en todo caso se deixe traballar á conferencia de presidentes.

## PLENO

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción xunto coa enmeda presentada polo PSdeG-PSOE a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once ( 6 do PSdeG-PSOE; 3 do PP; 1 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

O Concello de Oroso insta ao goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socio-económicas sobre as empresas e os cidadáns tras a invasión de Ucraína

**8.2.-Moción presentada polo grupo municipal Oroso Renovable sobre o patrimonio fluvial do Concello de Oroso para crear unha rede de sendas fluviais.**

Primeiramente o Sr. Alcalde somete a debate e votación a urxencia da moción.

Non se producen intervencións.

O pleno por:

Votos a favor: once ( 6 do PSdeG-PSOE; 3 do PP; 1 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) aproba a urxencia da moción.

Seguidamente, logo de ver o contido da moción:

*“O Concello de Oroso ten preto de 70 quilómetros de cursos fluviais e con razón somos o concello dos 6 ríos, consideramos que a posta en valor do patrimonio fluvial de Oroso pasa por crear unha rede de camiños fluviais e que na actualidade estamos lonxe de acadar uns niveis satisfactorios no conxunto da rede hidrográfica local, con pouco máis de 2 quilómetros de río acondicionados para camiñar.*

*Estamos a falar de extender o paseo do Tambre dende as xuntas do Lengüelle ata a Ponte Carollo, da recuperación da ruta dos muíños en Senra, dun sendeiro fluvial entre a área recreativa de Arderís e a ponte dos Pasos no río Samo, de continuar o paseo do Carboeiro ata o lugar de Vilarelle, de acondicionar a marxe fluvial das Ventas do Lengüelle ata Trasmonte, ou dun sendeiro fluvial entre a área recreativa dos Ánxeles e a igrexa da Merced na Grabanxa.*

*Aí está recollido todo a marxe de actuación que nesta área debemos intensificar*

*dende o Concello de Oroso.*

*Por outra parte a Xunta de Galicia vén de poñer en marcha o proxecto Mil Ríos para a posta en valor de 470 quilómetros en 50 cursos fluviais, e nos medios informativos sinala que se actuará sobre os ríos Ulla, Eo, Landro e*

## PLENO

*Sor. A páxina web da Consellería informa que a financiación é a través dos fondos NEXT GENERATION con 5 millóns de euros.*

*<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/66906/xunta-inicia-proyecto-mil-rios-para-mejorar-470-50-cursos-fluviales-aumentar>*

*Ademais a Deputación da Coruña a través do proxecto Anllóns que agrupa aos seus concellos ribereños pretende a súa recuperación ambiental cunha asignación orzamentaria de 1,2 millóns de euros.*

*<https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3435181/sendas-53>*

*kilometros-recorrera-rio-anllons-cinco-municipios-proyecto-12-millones presupuesto*

*Observamos polo tanto que o Concello como Oroso debería ser un referente nesteido e non está sendo obxeto prioritario das iniciativas medioambientais relacionadas cos ríos promovidas dende outras administracións.*

*A creación dunha rede sendas fluviais complementaría os recursos turísticos e*

*ambientais do Concello de Oroso xunto co Camiño Inglés e a Vía Verde.*

*Proposta de acordo*

*Que o Concello de Oroso expoña ante a Consellería de Medio Ambiente o seu patrimonio fluvial aos efectos de establecer fórmulas de cooperación interadministrativa nesta área.*

*Que o Concello de Oroso lle solicite a Deputación da Coruña que inicie un proxecto semellante ao do río Anllóns co río Tambre e trasladaralles a iniciativa os outros concellos ribereños.”*

*Ábrese unha quenda de intervencións.*

*Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen considera que a moción pretende poñer en valor as marxes do río, que desde ese punto de vista temos un potencial enorme, que os concellos que teñen mar explotan moi ben este recurso e os que temos ríos non tanto.*

*Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que esta é unha actuación que sería espectacular pero quere matizar que se mesturan dúas actuacións diferentes por un lado unha recuperación dos distintos ríos e logo unha actuación na que terían que intervir diferentes concellos que sería a actuación no río Tambre e por exemplo a actuación da Xunta de Galicia nos 1.000 ríos. O Concello de Oroso non ten fondos suficientes para poder acometer este tipo de actuacións e o mantemento delas. O Concello de Oroso xa está a facer actuacións nesta liña medioambiental como por exemplo na vía verde ou co Camiño Inglés, tamén traballando nalgún tramo do río Tambre. A Deputación non pon 1.500.000 euros se non que se está a estudar a ver si se solicita á Unión Europea. A Xunta é quen ten as competencias en materia de medio ambiente e quen recada o canon da*

## PLENO

auga e nunca destina nada a Oroso. Boto de menos que a moción non sexa mais contundente coa Xunta de Galicia.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que nos gustaría que efectivamente a Xunta admitise este proxecto, pero nos di que o proxecto dos 1.000 ríos está xa pechado e polo tanto non o poden incluír. Sinalaba D. Alexander Doval Expósito que os concellos de costa potencian o seu patrimonio pero tamén é certo que vexo axudas para protexer as praias pero non o vexo para as praias fluviais. Tamén quereda comentar por exemplo o tema do abandono do refuxio onde a xente xa non vai a facerse fotos ou os pescadores ou festas. O de que o Concello ten poucos medios é relativo, con pouco se acondicionaron 2 km de río, e considera que poderían ser mais e houbo certo abandono.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que o seu grupo está de acordo en poñer en valor os ríos pero temos que ser conscientes do custo que supón. Podemos facer 10 km pero logo hai que mantelos e para mantelos ou se sacan doutras inversións ou se suben impostos e iso se ten que ter claro.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: once ( 6 do PSdeG-PSOE; 3 do PP, 1 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

Que o Concello de Oroso expoña ante a Consellería de Medio Ambiente o seu patrimonio fluvial aos efectos de establecer fórmulas de cooperación interadministrativa nesta área.

Que o Concello de Oroso lle solicite a Deputación da Coruña que inicie un proxecto semellante ao do río Anllóns co río Tambre e trasladarles a iniciativa os outros concellos ribereños

### 9.-Rogos e preguntas.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) toma a palabra para indicar que no Concello estamos pendentes de certas entradas en vivendas que se teñen producido nos derradeiros días e por iso pido que se dea traslado á Garda Civil. Por outro lado, eu non son amante das corredeiras pero por exemplo son amante de Portugal e se podería facer como en Portugal e cando defendo o maior uso da pedra ou o adoquín é por iso. O concello de Porto do Son por exemplo o está a facer así, e poderíamos facelo tamén. Rogo que non se saquen as cousas de sitio.

No recente proceso de selección dun auxiliar administrativo que está a levar a cabo o Concello so 8 ou 9 persoas solicitan facer o exame en galego e igual pasa nas probas da Xunta de Galicia ao final é un problema social e non un problema de facer campañas, se non da sociedade.

## PLENO

D. Alexander Doval Expósito (PP) hai anos se fixo unha actuación de encañamento da fonte do Sar pero non está ben feito, polo que pedimos que se revise. Tamén un lavadoiro de Santa María que está cheo de maleza e ten un balado de pedra. Tamén solicita que se habilite dunha praza de aparcamento para 10 ou 15 minutos diante de cada unha das farmacias.

Intervén o Sr. Alcalde quen sinala que estamos preparando un proxecto para a Avenida da Grabanxa e xa está contemplado para a farmacia de arriba.

D. Alexander Doval Expósito (PP) continua sinalando que a concentración parcelaria de Oroso – Gándara – Deixebre é xa antiga e algunha pista necesita ser arranxada. Unhas pistas de Regueiro e a pista que baixa na Viña necesita arranxo.

No pleno anterior trouxemos unha moción en relación aos informes sectoriais e se comprometeron a darnos un informe sinalando cales estaban pendentes e canto tempo levaban pendentes. Nos enviaron unha lista dos que xa estaban concedidos pero nos denegaron a lista dos que están pendentes. Desde que se produciu o cambio na Alcaldía melloraron as relacións coa oposición pero ultimamente vemos como volven antigas eivas como por exemplo que non se nos avisou para a carreira da muller ou o memorial Fernando Abad, poderían enviar un correo electrónico que tardan un minuto.

Intervén o Sr. Alcalde quen sinala que do mesmo xeito non lles costa nada cando se lles invita a algo confirmar a asistencia. E en canto a que melloraron as relacións é porque este lado pon moito da nosa parte porque a oposición segue na mesma liña. So fai falta ver o seu facebook onde aínda non quitaron o que dixo das sinais que non é certo e teñen a unha persoa que desde 1 ano e medio non está nese cargo.

D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) indica que cre que sempre mandou aviso e moitas veces non se lle responde, pode ser que algunha vez se esqueza pero igualmente si se esquece de un se esquece de todos e por exemplo D. José Manuel Mirás Puelleiro estaba alí.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) que sinala que o que dixo de que o Concello se gastaba moito diñeiro en colocar dous paneis, cando non é certo eran 2 paneis e cento e pico sinais e esa nova aínda está no voso facebook e sodes un partido político que subides publicacións de perfís falsos, e algúns comentarios chamándonos ladróns e vos permitides o uso do voso facebook. Nin no perfil de Antonio nin no do PSdeG-PSOE permitimos ese tipo de comentarios.

Finalmente toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que no concello faremos cousas que non están ben ou que non vos gustan pero tamén faremos cousas que están ben ou son institucionais, e nese sentido D. José Manuel Mirás Puelleiro é consecuente e lle da a “me gusta” cando é algo bo para o pobo, pero o PP xa poden inverter 20 mil millóns que o criticarían.

## PLENO

Neste intre o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 21:07 horas do día sinalado ao comezo da presente acta, que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e prace do Sr. Alcalde – Presidente.

O Alcalde - Presidente  
Luis Rey Villaverde

O Secretario  
Federico Suárez Cancelo.